



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 8 DE AGOSTO DE 2012.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS E QUINCE MINUTOS** do día **OITO DE AGOSTO DE DOUS MIL DOCE**, baixo a Presidencia do Tenente de Alcalde **D. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, Alcalde en funcións, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos concelleiros, **D. KLAUS BREY MONTAÑA**, **D. ANTONIO COUSO ÁLVAREZ**, e **D. MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE** e do Secretario accidental (decreto de 27.07.2012) da Corporación **DON JULIO MÉNDEZ CASTRO**.

O Alcalde en funcións declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

**1ª.- URBANISMO.**

**2ª.- APERTURA DOS SOBRES PRESENTADOS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA SUBMINISTRACIÓN DE UN VEHÍCULO FURGONETA CON CAIXA ABERTA BASCULANTE.**

**1ª.- URBANISMO.-**

**1.1.-** Dase conta por parte do Alcalde en funcións da situación do expediente promovido por **D. JOSÉ LUIS GONZÁLEZ SOTO** consistente, según licenza urbanística obtida polo interesado en: *Construcción de peche parcial de finca (30 metros de longo) na parcela nº 87 do polígono 68, de referencia catastral 36052A068000870000KY, sita en Corrospedriños, 7 - Refoxos (Silleda)*

- Visto o informe da Policía Local, e informes técnico e xurídico que obran no expediente, nos que se constata que as obras exectudas non se axunstan á licenza concedida.

-Visto que en data 3 de Novembro de 2011 foi notificado ao promotor o acordo de XGL de data 11 de Agosto de 2011 no que se acordou, entre outras cousas, a incoación de expediente para adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística.

-Visto que en data 15 de Novembro de 2011, **D. José Luis González Soto**, presenta escrito ante o Concello (registro de entrada 4902) no que exclusivamente solicita información sobre os retranqueos.

- Visto que a información que solicita consta expresamente no informe técnico antes mencionado que se acompañou coa licenza concedida no seu día.

- Visto que dito escrito, de data 15 de Novembro de 2011, non cumpre os requisitos como para ter a consideración de recurso de reposición.,,

A Xunta de Goberno Local Acorda:

-Unicamente a efectos ilustrativos, facilitar ao promotor unha copia do croquis de aliñación de cerres segundo o artigo 99.1 do PXOM de Silleda e a Lei 9/2002. (distancias mínimas)

-Ordear ao promotor que no prazo improrrogable de 8 días adecúe a construción do peche parcial á

licencia concedida por Decreto de Alcaldía de data 6 de Xuño de 2011. Caso contrario procederase á demolición do mesmo a súa costa.

**2ª.- APERTURA DOS SOBRES PRESENTADOS PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DA SUBMINISTRACIÓN DE UN VEHÍCULO FURGONETA CON CAIXA ABERTA BASCULANTE.**

1.1.- Dase conta por parte do Secretario accidental da Corporación da relación de candidatos presentados, a data de recepción da invitación e da presentación no Concello da documentación correspondente para determinar si se cumpriron os prazos:

**- TALLERES SIXTO, S. L..**

Recepción da invitación.- 01.08.2012

Recepción da documentación.- 07.08.2012

**- DITRAM AUTOMOCIÓN, S. L. U.**

Recepción da invitación.- 01.08.2012

Recepción da documentación.- 07.08.2012

**- FERGIL AUTO, S. L.**

Recepción da invitación.- 01.08.2012

Recepción da documentación.- 07.08.2012

Posteriormente procédese á apertura dos sobres "A" correspondentes ós restantes candidatos.


Ábrese o sobre de TALLERES SIXTO, S. L., e á vista de que non presenta toda a documentación necesaria, acórdase requerirlle a subsanación da mesma coa aportación de:

**F) Acreditación da solvencia económica e financeira e solvencia técnica. Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 62 e concordantes do TRLCSP e a solvencia técnica mediante a relación dos principais subministros realizados no curso dos tres últimos anos.**

Ábrese o sobre de FERGIL AUTO, S. L., e á vista de que non presenta toda a documentación necesaria, acórdase requerirlle a subsanación da mesma coa aportación de:

**F) Acreditación da solvencia económica e financeira. Os licitadores deberán acreditar a solvencia económica e financeira por calquera dos medios a que se refire o art. 62 e concordantes do TRLCSP.**

Ábrese o sobre de DITRAM AUTOMOCIÓN, S. L. U., que presenta toda a documentación requerida.






Para a subsanación dos defectos advertidos na documentación presentada por cada un dos candidatos TALLERES SIXTO, S. L. e FERGIL AUTO, S. L., concederáse un prazo de 24 horas.

---

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Sr. Alcalde en funcións levántase a sesión as doce horas cincuenta e cinco minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretario accidental, dou fe.

O Alcalde en funcións,



O Secretario accidental,



